



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1702/1102

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE XUÑO DE 2024.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 21 de xuño de 2024.

CONTRATACIÓN

- 2.- Adxudicación da contratación das obras de “Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía”. Expte. 1754/441.
- 3.- Adxudicación da contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do Nadal. Expte. 9394/106.
- 4.- Adxudicación do servizo de retransmisión televisiva e vía streaming dos actos institucionais do Concello de Vigo. Expte. 20034/101.
- 5.- Decisión de non celebrar o contrato por procedemento aberto das obras do proxecto de “Pavimentación da Rúa Doutor Carracido”. Expte. 1912/441.
- 6.- Rectificación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para o subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo. Expte. 42883/220.

DEPORTES

- 7.- Subvención nominativa mediante convenio co Club deportivo AMFIV en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2023-2024. Expte. 23497/333.
- 8.- Autorización de asistencia e axudas de custo para a participación da Cidade de Vigo nos XV Xogos do Eixo Atlántico a celebrar nas cidades de Famalição e Braga – Portugal. Expte. 6731/611.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 9.- Dar conta da Resolución do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda pola que se aproba o Padrón fiscal da taxa de lixo vivenda do ano 2024. Expte. 91146/513.

FESTAS

- 10.- Rectificación de acordo relativo á resolución da convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de Festas tradicionais, patronais, gastronómicas, e actividades socioculturais período 2022-2023 e outorgamento da subvención solicitada. Expte. 9712/335.

IGUALDADE

- 11.- Prórroga do convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero. Expte. 9423/224.

SERVIZOS XERAIS

- 12.- Expediente de contratación das obras do proxecto de “Remodelación do interior do cuarteirón no 13 do Cemiterio de Pereiró para o depósito de cinzas”. Expte. 1923/441.
- 13.- Expediente de contratación das obras para a execución do proxecto de “Mellora de itinerario peonil na rúa Roupeiro-Matamá”. Expte. 1891/441.
- 14.- Expediente de contratación das obras do proxecto de “Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jimenez, entre Menéndez Pelayo e Camelias, no Concello de Vigo”. Expte. 1888/441.

ASUNTOS URXENTES

- 15.- Proposta de aprobación do Nadal 2024-2025. Expte. 10315/106.
- 16.- Proposta de adxudicación da contratación da actuación artística de “Luis Fonsi” dentro do programa de espectáculos de verán de “Vigo en Festas 2024”. Expte. 10153/335.
- 17.- Proposta de continuidade na prestación dos servizos do contrato integral de comunicacións do Concello de Vigo. Expte. 8685/113.
- 18.- Aprobación inicial do Proxecto de reparcelación do polígono 1 do plan parcial de San Paio de Navia. Expte. 5314/401.
- 19.- Rogos e preguntas.